



SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

INFORME DE AVALIACIÓN DE OFERTAS

n/ref: 18_AMSvalSerMedSeguros_06XUÑ2018

Asunto: Prestación do servizo de "Asesoramento e mediación de seguros no Concello de Ames"

Concello: Ames

Destino: Concello de Ames

ANTECEDENTES

En data 30 de abril de 2018, o Alcalde do Concello de Ames solicita da Deputación o apoio técnico nas tarefas de análise e valoración das ofertas para a contratación do servizo do asunto.

Polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios procédese a conformar un comité técnico multidisciplinar formado polos técnicos que suscriben, nomeadamente:

- Pedro A. González Pérez Xefe de sección do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios
- Pilar Astray Vázquez Xefa de Sección 2 do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Municipios
- Eva María Morales Rubianes Administrativa do Servizo Central de Recadación

O comité así formado se constitúe no día da data e procede á revisión, e posterior valoración, da documentación aportada polos distintos licitantes.

CRITERIOS SEGUIDOS PARA A AVALIACIÓN

De acordo co recollido na Cláusula "5.b *Criterios non avaliábles de forma automática. Referencias Técnicas*" do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP) que rexen o procedemento de contratación do servizo de referencia, os criterios xerais a seguir son os que se reproducen de seguido:

**SERVIZO DE ASISTENCIA
TÉCNICA A MUNICIPIOS**

Medios persoais e materiais postos a disposición da execución do contrato (máximo 30 puntos)	
a) Por persoal de apoio e coa cualificación suficiente na materia adscrito directamente aos servizos obxecto do contrato, esixíndoselle a presenza física nas dependencias do concello cando lle fose requirido.	10 puntos
b) Por proximidade dos medios materiais e persoais postos a disposición da execución do contrato, e que terán que estar directamente vinculados a xestión dos procedementos tramitados polo Concello de Ames, tendo unha maior relevancia aqueles con maior proximidade física ao Concello de Ames e a Provincia da Coruña os medios adscritos a este contrato	10 puntos
c) Pola posta a disposición do Concello de Ames dun programa de xestión de siniestralidade así como dos medios materiais e informáticos que faculden a posibilidade de xestionar os procedementos vía internet, valorándose a metodoloxía, tempo de resposta na atención, tramitación e seguimento dos sinistros en xeral.	10 puntos

Deseño dos plans de seguros obxecto do contrato. (máximo 10 puntos)	
Teranse en conta, dependendo da tipoloxía do seguro, a análise dos riscos asociados segundo as necesidades do concello e a metodoloxía de xestión integral e específica para os distintos tipos. Designarase ademais un responsable do contrato, que necesariamente deberá ter a titulación como corredor de seguros acreditada de maneira fidedigna	10 puntos

Melloras non previstas especificamente como obrigas do adxudicatario.

(máximo 10 puntos)	
Estas melloras incidirán a mellor prestación dos servizos e referirase aos beneficiarios dos riscos cubertos ou a asistencia xurídica na elaboración de informes ou peritaxes técnicos, xurídicos, médicos e outras actuacións relacionadas con danos materiais e corporais que afecten aos riscos. Estas melloras cuantificaranse economicamente. A falta de cuantificación económica suporá a imposibilidade de avaliar este criterio.	10 puntos

Este Comité Técnico de Valoración considera que os ditos criterios son suficientemente autodescriptivos e serán, polo tanto, os directamente aplicados.

2.- Análise das ofertas presentadas:
2.1.- Cuestións xenéricas

As empresas que se presentan a licitación, de acordo coa documentación aportada polo concello de Ames, son as que seguen:

- AON
- ARTAI
- GRUPO S4



SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

2.2.- Análise por criterios de avaliación

A análise das respectivas ofertas para cada un dos criterios e subcriterios de avaliación produce, en opinión dos técnicos que suscriben, os seguintes resultados:

A. Medios persoais e materiais postos a disposición da execución do contrato:

En xeral, pódese afirmar que as tres empresas licitantes posúen medios suficientes, tanto persoais como materiais, para poder prestar os servizos obxecto do contrato.

Nembargantes, a análise por subcriterios produce resultados significativamente diversos entre as tres distintas ofertas.

A.a) Persoal de apoio

Destaca a oferta presentada por AON, na que se asignan un maior número de persoas e con cualificación máis alta (licenciados universitarios) á realización dos traballos. A oferta de Grupo S4 resulta igualmente equilibrada e suficiente, pero con menor cualificación media do persoal ofertado. Por último, no canto á oferta presentada por ARTAI, é preciso indicar que non consta nela a asignación de recursos humanos específicos para a realización dos traballos de asesoramento a contratar, se non que se limita a listar o total do seu persoal en Galicia. Por esta razón, decídese darlle nota de aprobado, xa que conta con medios suficientes, pero sensiblemente máis baixa que a asignada ás outras dúas ofertas.

A.b) Proximidade cara á prestación dos servizos

Neste punto, se lle da a puntuación máxima ás ofertas de ARTAI e Grupo S4 dado que teñen oficinas en Santiago de Compostela, mentres que AON ten as súas dependencias máis próximas na Coruña e máis en Vigo.

A.c) Programa web de xestión da siniestralidade e medios informáticos

Destaca neste subcriterio a oferta presentada por ARTAI, xa que fai unha descripción pormenorizada da aplicación web que se pon a disposición do concello para a xestión dos siniestros.

A oferta presentada por AON, sendo igualmente suficiente neste aspecto, non describe tan pormenorizada e craramente a aplicación web.



SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

Finalmente, destaca negativamente a oferta presentada por Grupo S4 xa que non indica que se poña a disposición do concello aplicación web ningunha, limitándose a relacionar os medios informáticos de que dispón a empresa.

No canto a este último punto, os medios informáticos propios, as tres empresas dispoñen de medios suficientes, pero destaca novamente ARTAI por dispoñer de servidores web, ademais dunha completa rede interna.

B. Deseño dos plans de seguros obxecto do contrato:

No canto a este criterio, volve a destacar a oferta presentada por ARTAI, aínda que se decide non darlle a puntuación máxima posible xa que entendemos que non describe suficientemente a metodoloxía a empregar cara á formación do Plan de Seguros.

Por outra banda, as ofertas de AON e Grupo S4 non presentan máis que repeticións do indicado no Prego de Prescricións Técnicas e xeneralidades teóricas acerca da confección dos Plans de Seguros ou sobre a definición e descripción dos diferentes tipos de riscos. Sin facer mención expresa á realidade do concello de Ames. Resultan, polo tanto, insuficientemente específicas.

C. Melloras non previstas especificamente como obrigas do adxudicatario

Neste punto, as ofertas presentadas por AON e ARTAI son equiparables en contidos. En ambosos casos, algunhas das melloras ofertadas poden ser entendidas como parte das obrigas recollidas no Prego de Prescricións Técnicas, non valorables, polo tanto, como tales melloras.

A oferta de Grupo S4, pola súa banda, non valora economicamente as melloras que oferta. En consecuencia, e de acordo có establecido na cláusula 5.b) do PCAP: "A falta de cuantificación económica suporá a imposibilidade de avaliar este criterio". Polo tanto, non se lle asigna puntuación neste apartado.

3.- Puntuacións asignadas:

De resultas do que antecede, as puntuacións asignadas para cada unha das ofertas nos diferentes criterios e sub-criterios é a reflectida na táboa que segue:

**SERVIZO DE ASISTENCIA
TÉCNICA A MUNICIPIOS**

LICITANTE	CRITERIO OU SUB-CRITERIO DE AVALIACIÓN					PUNTUACIÓN TOTAL
	A.a	A.b	A.c	B	C	
AON	10	7	7	4	8	36
ARTAI	5	10	10	7	8	40
GRUPO S4	7	10	4	4	0	25


En consecuencia, a criterio dos técnicos que suscriben a oferta presentada por ARTAI é a máis equilibrada, máis completa e que mellores contidos presenta, resultando, en consecuencia, ser a mellor valorada no canto aos criterios de avaliación non avaliábeis de forma automática.

A Coruña, 06 de xuño 2018


O Xefe de Sección de Asist^ª
Técnica a Municipios

A Xefa de Sección 2 do Serv^o de
Orzamentos e Asist^ª Económica
a Municipios

A Administrativa do Serv^o
Central de Recadación



Pedro A. González Pérez



Pilar Astray Vázquez



Eva Mª Morales Rubiños

